

¿ONDE pousei as claves?
preguntaches,
inxenua,
aquela tarde.
No remol da conversa,
amparados
polas lenes volutas do café,
ninguén dos que alí estábamos
reparou
no que nos anunciaba
esa concisa frase.
Fóra, as sombras do outono
alborexaban presaxios.
(Apareceron
no caixón
das sabas).

QUERÍAS pechar todos
os armarios.
Cismabas que faltaran
sabas, xoias
ou os manteis bordados
–e seica ben sabías
das furtivas ladroas–.
Para teres control
de enxoval tan valioso
penduraba de ti
un monllo-escapulario:
cada estampa, unha chave.
Sentíaste segura ao apreixalo.
(Era o magro tesouro
que custodiabas tensa
no cofre da obsesión
convivencia de aneis
con calcetíns usados,
esquecidas moedas
e papeis enrugados).
Querías fechar todos
os armarios.

(Inconsciente, fechabas
as portas da memoria).

CHEGOU a parromeira
e apagou a luz.
Foi un instante.
Volveu nacer a paz
nas túas pupilas
e semellaba
ter sido unha visita
momentánea.
(Pero non foi así).

EL ve como te escapas,
vencida, sen remedio.
El é outro prisioneiro
aínda que non se vexan as cadeas
que o asen contra o muro
da doenza.
El é esa man, xigante,
(ás veces, dubidosa)
que te lava por fóra
e te salva por dentro.
El é ese home, estraño,
a sombra protectora,
co que compartes
a lentura das sabas;
aquele que che acariña
-anxo desconcertado-,
nas noites de suor, enfebrecidas,
que preside o medo.
(Ti, dubidas un tempo,
pero a voz rescátate dese túnel de areas movedizas.
¿Que será cando o mal
sulague os teus oídos?)

CONFORME a fera avanza
acentúase
a palidez nos ollos,
e as ideas
pérdense en labirintos
sen saída;
son retais, mal cosidos
-un campo de remendos-
do que noutrora foi
un sinxelo vestido
de domingo.
Hoxe, apenas un fío
terma de ti na raía do cavorco.

MARCADA polo lume
dun tempo de rosarios
e promesas de infernos,
fixeras do pudor
un principio vital,
un límite difícil
de franquear
mesmo para o amor.
Véxote agora espida,
transparente,
dócil ante esas mans
que asean o teu corpo
e descubro,
con intensa tenrura,
no reverso do espello
dos teus ollos,
a nena desvalida
que sempre fuches,
malia a dura coiraza
que forxaches
para te protexeres
da tristeza.

Toda a forza que tiñas
derramouse no fel
do río Alzheimer.

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ, *Río Alzheimer*, Alvarellos,
Compostela, 2013.